

# FRAGATAS INGLESA EN ONS E NA RÍA DE ALDÁN

Por: Redacción

Liamos no Faro de Vigo<sup>1</sup> un relato inédito que o profesor José Moreira Pumar recolleu das crónicas dalgúns capitáns de barco tras ser abordados polas tropas francesas e inglesas. Neste que imos relatar ten como escenario e punto de partida a Illa de Ons e remata na enseada de Aldán, fronte a antiga fábrica de salga de Pinténs e onde atopamos un persoeiro, Francisco Genaro Ángel, que máis tarde vai ter unha estreita relación coa Illa de Ons na etapa de construción das baterías de defensa contra os franceses.

A principios do século XIX os ingleses, que saíran vitoriosos de Trafalgar, navegaban polas costas desafiantes intentando dar castigo ao noso cabotaxe.

Conta a anécdota dun quechamarín matriculado en Camariñas e que saíra do porto da Coruña cargado de trigo con destino ao porto de Vigo. Cando se atopaba o día 28 de xuño do ano 1806 á altura das rías Baixas, conta: “... al amanecer del día siguiente tuve que desviar el rumbo ante la presencia de buques enemigos por lo que traté de buscar tierra entrando por la Boca del Centolo, frente a la Lanzada para navegar próximo a la costa por dentro de las Islas de Ons... La casualidad quiso que una fragata inglesa, enemiga de nuestra patria, que allí se encontraba agachada y fondeada por la parte también de dentro de la isla, me descubriera”.



Fábrica de Piténs na enseada de Aldán

Interesante este relato que dá a entender, primeiro, o por que do despoboamento por esas datas da Illa de Ons sometida ás incursións de todo tipo de piratas e corsarios. E segundo o por que de varios topónimos na banda leste da Illa que fan referencia á presenza de ingleses en Ons: Fonte dos Ingleses, Monte dos Ingleses, Veiga dos Ingleses,...

A historia dese quechamarín sigue coa persecución á que a someten os ingleses, tendo que refuxiarse na enseada de Aldán e desembarcar na praia de Pinténs onde a mala sorte fixo que o barco tropezara cunha rocha que provocou unha vía de auga. Os veciños do Hío acudiron na súa axuda coas armas que dispoñían á vez que con todo tipo de embarcacións conseguiron levar ao quechamarín ata Aldán, varalo e amarralo o que provocou a marcha da fragata inglesa.

Ao día seguinte, os ingleses volveron nun bote con 20 homes ben armados e apoderáronse do quechamarín. Segue contando que: “ Pero los vecinos estaban tan instruidos en el manejo y la defensa que algunos optaron por entrar en los almacenes de salazón que hay en aquel lugar, propiedad del catalán don Francisco Genaro Ángel que allí tiene para fábrica de sardina y haciendo agujeros en la pared y muralla para disparar... pasando la situación a ser ventajosa para los paisanos cogiendo así a los ingleses al descubierto y muy cerca, teniendo estos que dejar la acción de apoderarse del buque y ponerse a la fuga...”.

Este interesante relato, ao carón, da satisfacción de dar fuga aos ingleses, ponnos en relación, de novo, coa Illa de Ons por medio da figura de Francisco Genaro Ángel que máis tarde, 1810, vai ser un dos personaxes protagonistas do proceso de fortificación da Illa de Ons, pois, como conta Salustiano Portela Pazos<sup>2</sup>, foi como o capataz das obras de fortificación contratado pola Junta Provincial de Armamento da Provincia de Santiago.

<sup>1</sup> Faro de Vigo. “Vecinos de O Hío y Aldán, contra los ingleses”. Jose Moreira Pumar. Cangas. 14 de marzo de 2010.

<sup>2</sup> Salustiano Portela Pazos, “Apuntes para la Historia de la Isla de Ons”. Revista Nos. 1954